

# “As profecías de Pound” de Héctor Acebo

SANTIAGO ARGÜESO GALVÁN

Facultade de Humanidades  
Universidade de Santiago de Compostela

## AS PROFECÍAS DE POUND

*aquí non hai ningunha doncela.*  
Ezra POUND

*A usura mata o neno no ventre,  
impídelle ao mozo ser galán (...)*  
Ezra POUND

Fuxiu.

E cando mo contaron,  
sentínme coma ese músico  
que compite, nas feiras,  
cos coches de choque.

Pecháronte nunha gaiola de aceiro  
e exhibíronte coma un mandril,  
pero ti trocácheste en tordo.  
Pensaron que o peche anularía  
ó fin a potencia do teu canto,  
pero, tras perder a memoria,  
as túas notas gañaron en fluidez.  
Señor do cumio, inimigo da usura,  
froito do desencanto!  
Algunhas das túas sentenzas  
eran profecías que se cumpriron  
na miña puberdade.

Daquela, fuxiu  
a última doncela.  
E a mocidade deixou de ser moza  
ó bailar reguetón  
e repudiar a dozura.

Fuxiu.

E antes da partida, eu tería preferido  
que non gardase tanto as formas,  
que me reprochase aquel aire  
de cantautor trasnoitado.

## DIÁLOGO ENTRE POUND E O PRESENTE

*“a lírica é semente antes que froito”*  
Héctor ACEBO

Héctor Acebo (Santiso de Abres, 1987) é un poeta de raíz galega. Aínda que naceu nun concello que, administrativamente, pertence a Asturias, tivo como lingua vernácula o galego, do que botou man, neste caso, para amosarnos a realidade dun dos grandes poetas internacionais do século XX, ao que considera un dos seus referentes. Na súa obra, Ezra Pound —do que falaremos— habita nun recuncho realmente especial, xunto con outros autores como Safo ou Catulo.

Acebo doutorouse en Xornalismo, na Universidad Complutense de Madrid, coa tese "La metáfora en la poesía de Antonio Martínez Sarrión". Actualmente é Coordinador de Investigación da área de Sociais na Universidad Privada del Valle (Cochabamba, Bolivia), onde, ademais, se desenvolve como docente na licenciatura de Comunicación e Medios Dixitais. É colaborador do xornal lugués *El Progreso* e autor dos poemarios *Camas de hierba* (Vitruvio, 2011) e *Fuxitiva*, obra inédita da que está extraído o texto “As profecías de Pound”.

Mais, que son “As profecías de Pound”? Quen é este misterioso personaxe que se nos presenta no poema como un fuxido?. Un inimigo férreo da usura e das pretensións dun mundo moderno no que reinan as ambicións. Ezra Pound naceu en Idaho, Estados Unidos, a fins do século XXI, nunha comunidade consumista que logo o espantaría. Pound axiña escaparía desa sociedade usureira para vivir en distintas zonas de Europa como Londres ou París, até chegar logo ó seu verdadeiro fogar: Italia. Trala gran guerra e por mor do apoio propagandístico que practicara a favor do réxime de Mussolini, foi internado nun psiquiátrico, onde non deixou de crear. Foi liberado e regresou a Italia, onde permaneceu até a súa morte, continuando coa súa labor de perfeccionamento do seu poemario, os *Cantos*.

No poema que nos ocupa atopámonos con dúas realidades. A propia disposición gráfica xa nos indica as temáticas: atopámonos cunha grande estrofa central, mais longa, no que o autor fala do poeta ao que se lle dedica a composición; e tres estrofas periféricas nas que se nos mostra un diálogo entre o pasado e o presente e a maneira de tratar os sentimentos nos dous tempos.

Na primeira estrofa vemos que fala dun alguén en terceira persoa que “fuxiu”, mais quen? Segundo o propio Acebo me apuntou nas conversas que tivemos sobre este poema e o poemario en xeral, aparte de a Pound, a composición está dedicada a todas esas persoas que pasan pola vida dun, mais marchan, por unha razón ou outra. Mediante a competición entre os músicos de feira e os coches de choque, establece unha confrontación entre a tradición e a modernidade.

Na segunda estrofa, a dedicada a Pound, fálalle a el mesmo, en segunda persoa. Fálalle de que o engaiolaron, igual que a un paxaro, concretamente un tordo (o propio Acebo identifícase ás veces con paxaros, especialmente cos melros). Fala de como pensaron que con esa prisión, Pound sería silenciado, mais, todo o contrario, non fixo máis que reafirmarse como poeta. Identifícase con el, no canto de que moitas das cousas que o poeta postulou hai máis de medio século, cumpríronse cando o autor deste poema era adolescente.

Nas últimas dúas estrofas compara o tratamento dos sentimentos no pasado, e hoxe en día. Na actualidade as paixóns se vituperan, a dozura foi repudiada e a mocidade escapa cando baila reguetón. O eu poético reafírmase como “cantautor trasnoitado” como o poeta irredento que non busca outra cousa senón a beleza, pois prefire iso, que “gardar as formas” ou agochar a paixón. Fala do espertar do desexo e do misticismo da sensualidade.

Como o propio autor me confesou, “As profecías de Pound” tén unha gran polifonía, as repeticións da forma do verbo fuxir fan que se estableza unha estreita relación entre esta composición en particular e a totalidade do poemario ao que pertence, titulado *Fuxitiva*. Como el mesmo di no prólogo, bebe do teórico Jakobson en tanto que ten a ambigüidade como base da creación. Así mesmo inspírase sempre que pode dos clásicos antigos ou contemporáneos, ao igual que Ezra Pound, como, respectivamente, Safo e Catulo ou Kavafis, o Cernuda do exilio e o propio Pound e á súa sinteticidade.



Héctor Acebo